

**PROXECTO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN DINAMIZACIÓN
LINGÜÍSTICA**

A RODA DO ANO

IES Plurilingüe A Cachada

Avda. de Avellaneda, s/n

15930 Boiro

A Coruña

Índice

1. [Introdución. Contextualización e xustificación do proxecto](#)
2. [Obxectivos deseñados como resposta ás necesidades detectadas nos diferentes ámbitos](#)
3. [Organización, desenvolvemento e metodoloxía](#)
4. [Implicación do profesorado, responsables e demais recursos humanos e materiais](#)
5. [Colaboracións institucionais, entidades, asociacións ou empresas](#)
6. [Plan de avaliación](#)
7. [Medidas de difusión do proxecto](#)
8. [Orzamento](#)
9. [Funcións e tarefas do profesorado implicado](#)
10. [Alumnado implicado](#)

1. Contextualización e xustificación do proxecto. Identificación da situación sociolingüística do centro

O IES Plurilingüe A Cachada está situado no centro da vila de Boiro, na comarca do Barbanza, unha zona con grande actividade conserveira e téxtil e notable oferta cultural.

O noso concello, con case 20.000 habitantes, ten tres centros de secundaria; o IES Plurilingüe A Cachada oferta unicamente a etapa secundaria obrigatoria e é plurilingüe (en inglés); dispoñemos de 18 unidades, un cadro de profesorado de 39 profesionais e 445 alumnos e alumnas procedentes de tres CEIP rurais e un urbano. Non hai unha porcentaxe significativa de alumnado inmigrante (10 na actualidade).

No curso 2014-2015, o EDLG elaborou unha enquisa sociolingüística a partir da cal se puido concluír que o alumnado é maioritariamente galegofalante (máis do 70 %), pero que o da zona urbana se mostra reticente a utilizar a lingua propia, actitude que se espalla gradualmente entre o resto do alumnado, en especial nas redes sociais, videoxogos, Youtube etc. O noso obxectivo prioritario é potenciar a lingua galega entre o alumnado non rural e especialmente nos ámbitos castigados polo Decreto de plurilingüismo do 2010: novas tecnoloxías e ciencia.

No curso 2015/2016, á vista dos resultados mencionados, reforzamos proxectos nos que o galego estaba atraendo o alumnado (obradoiro de teatro, concursos de narrativa) e puxemos en marcha campañas para impulsar o galego na realidade con máis proxección de futuro do alumnado: a da robótica, a programación e o audiovisual. Naceu así o proxecto STARgal, unha mostra interactiva de videoxogos e curtas e unha olimpiada virtual lanzada a toda Galicia. No curso 2016/2017 mantivemos estas liñas de traballo. O equipo de profesorado constatou que estas dinámicas teñen un bo retorno tanto na práctica oral da lingua como na praxe docente.

Dito o anterior, presentamos a RODA DO ANO: un proxecto que consolida e enriquece liñas de traballo anteriores e propón outras novas, que incorporan ferramentas, profesorado e interactividade.

2. Obxectivos deseñados como resposta ás necesidades detectadas nos diferentes ámbitos

2.1. Formulación dos procesos de mellora do ensino e da aprendizaxe

Froito do traballo de varios anos, un grupo de docentes do IES Plurilingüe A Cachada entende que os procesos de mellora do ensino e da aprendizaxe pasan por embarcarnos en proxectos interdisciplinarios, compartir actividades e recursos, crear e estimular a creación, intercambiar coñecemento e experiencias, e avaliar o que funciona e o que non. Entendemos que os procesos de mellora consisten en revisar as experiencias elaboradas en cursos anteriores, perfeccionándoas e consolidándoas se fose preciso, e en engadir outras novas que aumenten a motivación de profesorado, alumnado e familias. Sempre desde a perspectiva da lingua e da nosa cultura, pois só unha lingua viva e atenta aos cambios do seu contorno pode sobrevivir.

No centro desenvólvense diferentes programas, cada un deles pensado para darlles resposta a determinadas necesidades educativas entre as que está a difusión da lingua galega:

- Contrato-programa sobre excelencia educativa: para aquel alumnado con aptitudes e interese en linguaxes creativas propias da programación e do audiovisual (STARgal).
- Contrato-programa Espazo familia, para mellorar a relación coas familias.

- Proxecta TÍCaras para mozas emprendedoras nas TIC, que busca superar a fenda de xénero no uso destas ferramentas e que en Boiro, como en calquera parte de Galicia, é ben manifesta.
- Proxecta Fai eco do lóxico, que busca mellorar os hábitos alimentarios do noso alumnado e promover unha dieta baseada en hortalizas, froitas e peixes do lugar.
- Proxecta Deporte na Cachada, para concienciar sobre a necesidade de facer deporte regularmente.
- Proxecta Quérote+, para contribuír a pelexar contra a violencia de xénero.
- Proxecta Apúntome a non beber.
- Intercambio lingüístico con alumnado de Francia.
- Obradoiro teatral Roberto Vidal Bolaño, dirixido a aqueles rapaces e rapazas con interese polo mundo teatral.

A Roda do ano é unha superestrutura de proxectos e á vez un contedor de produtos cos que pretendemos repensar a nosa relación cos seres que nos rodean e coa terra na que vivimos. O nome Roda do ano provén da concepción circular do tempo que tiñan os poboados celtas e permítenos estudar, a través das súas festividades, aspectos antropolóxicos, lingüísticos, musicais, plásticos, técnicos e ecolóxicos do noso país.

Baixo o paraugas da Roda organízanse os obxectivos sociolingüísticos dos programas antes mencionados, cuxa correspondencia cos obxectivos propostos na programación xeral do EDLG pode verse na seguinte táboa:

Obxectivos da Programación EDLG	Correspondencia coa Roda do ano
<p>1. <i>Fomentar e potenciar o emprego da lingua galega en todos os ámbitos da comunidade escolar e extrapolar o seu uso a todos os ambientes relacionados co centro.</i></p> <p>2. <i>Analizar e fomentar o cumprimento das medidas acordadas no Proxecto Lingüístico do Centro (PLC) sobre o galego.</i></p> <p>3. <i>Analizar a situación lingüística no centro entre o alumnado, profesorado e persoal non docente.</i></p>	<p>Todas as actividades docentes e producións dos proxectos e contratos-programa fanse en galego. Baixo a coordinación do EDLG, a contribución que se fai desde cada materia é moi enriquecedora para promover o uso do galego. Mesmo no intercambio lingüístico, pezas audiovisuais feitas en francés subtitúlense a galego, para aumentar así a proxección internacional da nosa lingua.</p> <p>O Proxecta TÍCaras estudará o uso da nosa lingua nos ámbitos vencellados ás redes sociais e móbiles e fará unha exposición dos resultados.</p>
<p>4. <i>Conseguir que o galego siga a ser a lingua habitual do centro, tanto no plano oral como escrito, e promover o seu uso en todos os actos internos e externos.</i></p>	<p>A implicación consciente e colectiva dos diversos departamentos así como da Dirección e Orientación (Espazo familia) fomentan que o galego sexa a lingua habitual de comunicación do centro.</p>

<p>5. <i>Divulgar o máximo posible a nosa cultura, con celebracións das festas tradicionais, por ser o principal ámbito no que se desenvolve a nosa lingua.</i></p> <p>6. <i>Ter en conta a realidade galega na elaboración de proxectos curriculares.</i></p>	<p>A Roda do ano organízase en torno ás festividades celtas, parte das cales deron lugar ás celebracións actuais.</p> <p>Algunhas das actividades propostas supoñen tratar vocabulario relativo a bosques galegos, alimentación, construción, saúde, sexo etc.</p>
<p>7. <i>Conseguir que a actitude do alumnado e do profesorado cara á lingua e á cultura galega sexa positiva.</i></p> <p>8. <i>Fomentar a participación do alumnado en todas aquelas actividades encamiñadas á promoción do uso do galego.</i></p> <p>9. <i>Incorporar a lingua galega ao mundo das tecnoloxías da información e da comunicación e conseguir un uso normalizado desta, por parte da xuventude, nas redes sociais, na creación de páxinas web e de blogs, na telefonía e nos sistemas de comunicación en xeral.</i></p>	<p>A coordinación interdisciplinaria permite deseñar actividades innovadoras, creativas e motivadoras: videotitoriais, vídeo-opinións para Youtubeiras e Youtubeiros, videoxogos educativos elaborados polo propio alumnado, curtas sobre ciberacoso, videoclips etc.</p> <p>O carácter destes produtos fomenta que exista un gran número de profesorado e alumnado participante na organización dos eventos e na publicación de novas nos blogs e redes sociais.</p>
<p>10. <i>Fomentar a colaboración con institucións como o Concello de Boiro, outros centros educativos da zona e asociacións.</i></p>	<p>A coordinación de proxectos desde un mesmo paraugas facilita a interacción con entidades externas, de acordo coa experiencia doutros anos.</p>

A Roda do ano: fundamento e obxectivos

Pouco se sabe das primitivas tribos *keltoi* que chegaron do nordeste de Europa para se instalaren nas despois chamadas Galia, Britania, Gallaecia, Iberia... Non se coñece o porqué da súa migración, se compartían unha lingua ou non, a natureza das súas transaccións comerciais (que explican talvez a similitude de achados en localizacións moi distantes); pero sábese que lle rendían culto á natureza, que se organizaban segundo un calendario solar e que celebraban os cambios de estacións e os momentos de cultivo e colleita.

Especificamente, son obxectivos do proxecto:

- Fomentar o traballo en equipo e ben coordinado dos diferentes profesores e profesoras e do alumnado do centro.
- Propiciar un ambiente de creatividade colectiva que relacione os contidos de diferentes materias e que implique de xeito máis activo o alumnado e as súas familias.
- Normalizar o galego como lingua de comunicación, creación e divulgación de contidos.
- Repensar o uso que lle outorgamos ao noso tempo libre, particularmente en relación coa nosa saúde e benestar, coa xente que nos rodea e co noso medio natural. Reducir o uso de móbil e, paralelamente, aumentar a presenza de galego nas redes sociais.
- Coñecer a raizame pagá das festividades galegas actuais, apreciar a multiculturalidade, permitir un exame crítico da historia, cultura e costumes e aproximarnos ás características comúns entre o galego, o portugués e outras linguas con influencia celta.

- Valorar iniciativas de economía solidaria e local que contribúan a reutilizar recursos, respectar o medio ambiente, fomentar valores culturais propios e evitar a emigración como saída laboral principal.
- Coñecer alternativas saudables para a nosa alimentación, enriquecer o léxico relativo a peixes e hortalizas galegos e coñecer receitas locais.
- Reflexionar sobre o contorno no que vivimos, a paisaxe e o deseño das vivendas (bioconstrución) e entender a evolución histórica das casas galegas.

2.2. Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo

- Organizar equipos de traballo profesorado-alumnado especializados na produción de diferentes eventos e contidos (pezas audiovisuais, temas musicais, xogos, videoxogos, festivais).
- Formar o profesorado e alumnado para elaborar os produtos propostos. Na medida do posible, será o propio alumnado quen se encargue de formar os seus compañeiros nas distintas ferramentas. Isto aumenta notablemente a súa motivación, sobre todo se entre o seu "alumnado" están profesoras e profesores. A experiencia de anos anteriores permite ter alumnado avantaxado nas diferentes áreas.
- Retroalimentar o traballo a través da publicación das actividades e campañas.

2.3. Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo

- Reforzar os lazos coa comunidade (Asociación Olloboi, Concello) e darlles continuidade ás campañas de efectividade xa probada: concurso de narrativa; obradoiro RVB de teatro; magosto-Recreos arrepiantes; Entroido galego; mostra interactiva e olimpíadas virtuais galegas de videoxogos STARgal.
- Realizar a revisión anual do éxito/fracaso, erros e posibles melloras en cada campaña.
- Conseguir que o alumnado se sinta orgulloso das actividades e, xa que logo, do centro no que estuda. A este respecto, temos comprobado a partir de anteriores propostas do EDLG que o factor orgullo é moi importante na difusión e posterior implicación nas actividades.
- Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle permita percibir a utilidade do noso idioma como unha lingua moderna e de futuro para a promoción social.
- Promover a curiosidade por coñecer novas e máis axeitadas ferramentas TIC por parte do alumnado, e das TAC por parte dos docentes, e mellorar así a súa práctica profesional.
- Promover a creación de produtos novos e atractivos, que estimulen o traballo en galego do profesorado e do alumnado e que sexan útiles para a comunidade educativa.

3. Actividades de desenvolvemento dos procesos de innovación previstas

Data e fundamento da festa celta que lle dá orixe á campaña	Título e descrición dos produtos que se entregarán	Obxectivos e proposta metodolóxica	Xestión e temporización
<p>SAMHAIN</p> <p>1 nov.</p> <p><i>Inicio do ano novo celta e o dunha nova Roda do ano. Época de meditación e reflexión sobre os ciclos da natureza, da vida e da morte.</i></p>	<p><u>Samaín e magosto</u></p> <p>1. Recreos arrepiantes: proxección de curtas de terror elaboradas polo propio alumnado, baseadas na temática "perigos do mal uso das redes sociais e/ou o móbil".</p> <p>2. Contada de Quico Cadaval e Marga Alborés sobre os defuntos e a probable raizame celta desta celebración.</p> <p>Presentación didáctica en resumo da charla.</p> <p>3. Magosto popular con posto de maquillaxe terrorífica, degustación de castañas e xogos tradicionais.</p> <p>4. Produción e instalación da roda do ano: unha roda con trinquete xigante elaborada nas aulas de Tecnoloxía Aplicada de 4º.</p>	<p>(Dentro do Contrato-programa de excelencia e do Proxecto Deporte)</p> <p>Coñecer os perigos potenciais dunha mala navegación en redes sociais e os trazos fundamentais dos diferentes ciberacosos.</p> <p>Manexar os fundamentos básicos da produción audiovisual.</p> <p>Comprender a verdadeira natureza da festividade de Samaín en Galicia e achegarse á relación dos galegos cos nosos defuntos.</p> <p>Promover hábitos de ocio saudables e comprometidos coa cultura galega.</p> <p>Promover a creación audiovisual en galego e incorporar as nosas curtas ao catálogo de producións audiovisuais escolares.</p>	<p>Semana 30 out. - 3 nov.: proxección de curtas de medo na biblioteca. Estiveron guionizándose, gravándose e montándose nas titorías, clases de Galego e Tecnoloxía durante o mes de outubro.</p> <p>31 outubro: contada de Quico Cadaval e Marga Alborés; 2 horas de duración, na Casa da Cultura, organizada polo EDLG.</p> <p>31 outubro: magosto; para o posto de maquillaxe terrorífica fixéronse obradoiros que organizaron alumnas de cursos anteriores. Os xogos populares foron desenvolvidos polo Dpto. de Ed. Física, en colaboración coa Asociación de Xogos Tradicionais de Compostela.</p> <p>Outubro e novembro: deseño e ensamblado das pezas da roda do ano e instalación no vestíbulo.</p>
<p>YULE</p> <p>24 dec.</p> <p><i>Festa de orixe na época neolítica: o retorno da vida, da esperanza, liberación do antigo dos celtas, o</i></p>	<p><u>Este Nadal regala tempo</u></p> <p>1. Estudo sobre hábitos de uso do móbil e as redes sociais, e da lingua que usan nelas. Publicación dos resultados en gráficas creativas.</p> <p>2. Instalación tecnolóxica sobre deidades relacionadas co solsticio</p>	<p>(Dentro do Proxecto TÍCaras e o Contrato-programa de excelencia)</p> <p>Realizar e publicar un estudo sobre os hábitos de uso das redes sociais e aumentar a presenza do galego nelas.</p> <p>Elaborar unhas gráficas atractivas e impactantes que chamen a atención</p>	<p>Semana 11 - 15 decembro: instalación sobre deidades (Depto. de Tecnoloxía) e realización da enquisa sobre redes sociais (Dpto. de Matemáticas). Divulgación dos anuncios publicitarios feitos polo alumnado.</p> <p>21 decembro: entrega de agasallos a cargo do</p>

<p><i>Apalpador.</i></p>	<p>de inverno.</p> <p>3. Intercambio de agasallos do Apalpador invisible, tras unha campaña con anuncios publicitarios feitos polo alumnado.</p> <p>4. O bosque galego necesita o noso tempo: visita guiada ao bosque de Froxán. Creación dunha unidade didáctica sobre os bosques galegos.</p>	<p>sobre as conclusións anteriores.</p> <p>Valorar a importancia de respectar a diversidade relixiosa e o laicismo.</p> <p>Coñecer e aprender a querer o noso bosque e sentirnos responsables da súa xestión.</p>	<p>Equipo Apalpador. Os agasallos foron elaborados nas aulas de Tecnoloxía, Relixión, Valores Éticos e Titorías, e o alumnado realizou videotutoriais en galego para explicar como fixo o seu regalo (o texto instrutivo: valorados como exposición oral na materia de Lingua Galega).</p> <p>18 decembro: visita guiada e plantación no bosque de Froxán.</p>
<p>IMBOLC</p> <p>1 feb.</p> <p><i>(Candeloria), celebra o despertar da terra e o crecente poder do Sol (para os celtas, deusa Bríxida, do lume, a sabedoría, a poesía e as fontes sagradas)</i></p>	<p><u>Entroido gastronómico</u></p> <p>1. Semana sa (1): Almorzos saudables. Organizar 5 almorzos saudables para todo o alumnado de 1º e editar unha reportaxe sobre o evento.</p> <p>2. Semana sa (2): actividades da Roda gastronómica (charlas, mostra de vídeo-receitas, videoxogos, visitas guiadas a supermercados). Reportaxe.</p> <p>3. Entroido celta e degustación de produtos.</p>	<p>(Dentro do Proxecto Fai eco do lóxico)</p> <p>Estudar e mellorar os hábitos alimentarios do noso alumnado.</p> <p>Realizar reportaxes divulgativas.</p> <p>Mellorar os hábitos relativos á cafetaría do centro.</p> <p>Coñecer a nosa propia gastronomía e crear un recetario audiovisual para difundir nas redes.</p>	<p>Semana 29 xan. - 3 feb., desenvolvemento da Semana sa: Almorzos saudables para titorías de 1º ESO; charlas e obradoiros de cociña, videoxogo sobre froitas, mostra de receitas e degustación. Organiza o EDLG e colabora o Dpto. de Extraescolares preparando reportaxes sobre o evento.</p> <p>9 feb.: desenvolvemento do Entroido coa temática "ritos e lendas celtas"; degustación de receitas galegas elaboradas polo alumnado e as súas familias. Organizan Extraescolares e EDLG.</p>
<p>OSTARA</p> <p>21 marzo</p> <p><i>Espírito de equilibrio e renovación; época de comezar a plantar, do amor, de promesas e decisións.</i></p>	<p><u>Bos amores</u></p> <p>Punto de partida: Concurso literario Máis ca Palabras, que todos os anos promove o Dep. de Lingua Galega e que este ano xirará en torno á temática da violencia machista e ao respecto nas relacións persoais. As modalidades deste ano serán:</p> <p>a) Videopoesía</p> <p>b) <i>Booktrailers</i></p>	<p>(Dentro dos proxectos Quérote+ e TÍCaras)</p> <p>Ser quen de idear, producir, gravar e montar un videoclip.</p> <p>Reflexionar sobre o papel das mulleres nas cancións ao longo da historia, particularmente nos temas do xénero Batalla que escoitan hoxe en día.</p> <p>Coñecer poemas clave da nosa historia e ser quen de traducilos á linguaxe</p>	<p>Durante o mes de novembro, as TÍCaras gravaron e editaron o videoclip <i>Xa non atendo ao meu amigo</i>.</p> <p>No mes de febreiro terán lugar os obradoiros de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • videopoesía • <i>beatboxing</i>/batallas • regueifas <p>No vestíbulo farase unha instalación para denunciar condutas machistas nas relacións</p>

	<p>c) Regueifas/Batalla</p> <p>Para orientar o alumnado realizaranse obradoiros previos:</p> <p>2.1. Obradoiro de videopoemas Os amores e os amores malos, que tomarán como base poemas de autores galegos con esta temática (alumnado de 3º e 4º)</p> <p>2.2. Obradoiro de <i>beatboxing</i> e batallas para alumnado interesado en participar no concurso literario Máis ca Palabras e de Música de 4º.</p> <p>2.3. Obradoiro de regueifas dirixido ao alumnado interesado en participar no concurso literario Máis ca Palabras.</p>	<p>audiovisual actual.</p> <p>Visualizar e previr actitudes sexistas e violentas nas relacións amorosas.</p>	<p>de parella.</p> <p>Tamén veremos as/os <i>booktubers</i> analizaren libros nos que se aborda a temática da violencia machista: <i>O corazón de Xúpiter, Cabeza de Medusa, O inferno de Marta...</i></p>
<p>BELTAINE</p> <p>1 maio</p> <p><i>Primeira floración do verán; era o festival máis alegre dos antigos e festexábase con danzas arredor de fogueiras, encantamentos, recollida de flores...</i></p>	<p><u>STARgal - Letras Galegas</u></p> <p>1. STARgal 1: selección e mostra das mellores producións audiovisuais do ano.</p> <p>2. STARgal 2: competición en videoxogos elaborados polo alumnado, que se pendurarán no sitio web do STARgal.</p> <p>3. STARgal 3: Mostra interactiva de produtos tecnolóxicos relativos a María Victoria Moreno.</p> <p>4. STARgal 4: organización das terceiras olimpíadas de videoxogos para todo o alumnado de primaria e secundaria obrigatoria de Galicia.</p> <p>5. Representacións teatrais do Obradoiro Vidal Bolaño da Cachada.</p> <p>6. Celebración da Romaría Popular das Letras Galegas no noso centro.</p>	<p>(Dentro do Contrato-programa de excelencia e do Club de Ciencia)</p> <p>Aumentar a presenza do galego nas redes sociais que manexa o alumnado.</p> <p>Comprender as posibilidades educativas da gamificación.</p> <p>Valorar a necesidade de que exista <i>software</i> aberto en galego e plataformas de traballo colaborativo (<i>Scratch</i>).</p> <p>Darlle proxección de futuro ao galego a través de linguaxes historicamente vencelladas ao español ou ao inglés (mundo dos videoxogos).</p> <p>Coñecer e valorar elementos da historia da nosa lingua (María Victoria Moreno).</p> <p>Fomentar o gusto polas artes escénicas e</p>	<p>15 maio: todas as celebracións.</p> <p>As producións audiovisuais serán o resultado das diferentes campañas do curso nas materias de Galego, Historia, Tecnoloxía, TIC e no obradoiro extraescolar Club do Antifás</p> <p>Os videoxogos serán elaborados nas aulas de Tecnoloxía de 2º, 3º e 4º, con apoio do obradoiro de Extraescolares no Club de Ciencia.</p> <p>As pezas teatrais prepáranse no obradoiro extraescolar dos martes a mediodía, de xaneiro a maio.</p> <p>Na romaría contaremos cunha agrupación musical na que participará alumnado do centro.</p>

		<p>promover que o alumnado chegue a producir as súas propias obras teatrais.</p> <p>Promover hábitos de ocio alternativos aos que manexa habitualmente o alumnado cando celebra festas: valorar a organización de xogos, música en vivo, degustación de produtos saudables...</p>	
<p>LITHA (21 xuño)</p> <p><i>Fartura e celebración: as plantas están no seu apoxeo. Colleita de herbas medicinais e máxicas; baños purificadores e grandes fogueiras.</i></p>	<p><u>Moitas millas percorridas</u></p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Mostra de produtos elaborados durante o curso e xornada de portas abertas para familias. 2. Percorrido da "milla diaria" con todo o alumnado do centro. Publicación dunha reportaxe que resume esta actividade. 3. Festival fin de curso: Moitas millas percorridas, cun resumo audiovisual do ano, concerto do alumnado de música e entrega de diplomas ao alumnado de 4º. 	<p>(Dentro do Proxecto Deporte e o Contrato-programa Espazo familia)</p> <p>Fomentar o interese do alumnado por manter hábitos diarios saudables.</p> <p>Dar a coñecer as actividades elaboradas ao longo de todo o curso e avaliar o retorno que se produza.</p> <p>Dar mostra da competencia artística do noso alumnado no eido musical.</p> <p>Facer un balance final do curso e despedir o alumnado de 4º.</p>	<p>Todo o curso, recreos dos martes e xoves: percorrido correndo e a pé dunha distancia equivalente a unha milla.</p> <p>20 - 29 xuño: mostra de produtos e portas abertas a toda a comunidade educativa.</p> <p>Data sen determinar: percorrido colectivo da "milla diaria".</p> <p>21 xuño: celebración do festival Moitas Millas Percorridas con resumo audiovisual do curso; concerto do alumnado de Música de 2º, 3º e 4º; despedida alumnado de 4º.</p>

4. Implicación

4.1. Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

- Tecnoloxía: Ana F. Moreiras e Flor Domínguez Matínez
- Galego: Carme Robledo, Silvia García, Sara Filgueira, Bárbara Carballo
- Música: Clara Pino e Aurora Marqués
- Educación Física: Xoán Fernández e Diego Cimadevila
- Xeografía e Historia: Fran Pérez e Isabel Macías
- Matemáticas: Javier Bao e González Álvarez
- Física e Química: Pilar Hermo (membro do EDLG)
- Lingua castelá: José Manuel Hermida
- Equipo directivo: Mariano Muñiz, director
- Orientación: Sabela Rodríguez
- De contarmos con orzamento, contrataremos profesionais para traballar son, audiovisual, videopoemas, videoxogos, impresión 3D e bioconstrución.

4.2. Recursos materiais que se van mobilizar

A nosa intención é rendibilizar recursos e proxectos que xa están en vigor na actualidade, a través dos cales formaremos o alumnado para elaborar as actividades:

- Equipamentos informáticos nos que se teña instalado *Scratch*.
- Equipamentos informáticos vencellados a *Scratch* (*Makey makey* e *Leap Motion*).
- Videocámara, micrófono e trípode.

5. Colaboracións

Colaboraremos co concello de Boiro a través da súa Secretaría Técnica de Cultura (Alberto García e Marga Sampedro). Xunto a eles organizaremos un programa de visitas e charlas con persoas emprendedoras da zona e valoraremos a presenza que o galego ten nestas iniciativas.

Como en anos anteriores, traballaremos coa A. C. Olloboi, asociación que organiza desde o 2009 un festival audiovisual que é considerado por moitos como a plataforma da canteira do cine galego. Desde o centro nutriremos o festival con diferentes producións e, na medida do posible, participaremos nas actividades que esta asociación e a A. C. Unión de Muchachas organizan a mañá do festival.

Por segundo ano consecutivo, a Asociación de Xogos Tradicionais de Compostela traerá as súas propostas lúdicas ás nosas celebracións (magosto e Entroido).

6. Plan de avaliación

6.1. Criterios e indicadores para a avaliación

Tendo en conta o obxectivo prioritario do proxecto potenciar a lingua galega entre o alumnado non rural e especialmente nos ámbitos castigados polo Decreto de plurilingüismo do 2010: novas tecnoloxías e ciencia, entendemos que isto é o que debemos conseguir:

- Lograr deseñar, difundir e realizar, con éxito, as campañas relativas a cada festividade, e elaborar os diferentes produtos relacionados con cada unha (marcados en letra grosa no cadro de actividades, son, fundamentalmente, curtas de medo, videoclips, videopoemas, videoxogos educativos, reportaxes, videotutoriais, mostras e exposicións). Este obxectivo darase por conseguido se as actividades se desenvolven nas datas previstas e temos participación e difusión por parte do alumnado (e de centros galegos, no caso das olimpíadas STARgal).
- Conseguir un ambiente de traballo creativo, responsable e produtivo: isto observarase de forma directa no funcionamento dos diferentes grupos de traballo e na frutificación do seu labor.
- Apreciar interese sobre os produtos elaborados pola comunidade educativa (redifusión e publicidade).
- Adquisición de competencia manipulativa das ferramentas TIC: isto será observable no nivel de complexidade/creatividade das actividades propostas.
- Superación do prexuízo lingüístico que vencella o galego á obsolescencia tecnolóxica: para medir isto elaboraremos unha enquisa que faga preguntas ao respecto.

6.2. Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

Evidentemente, o propósito concreto deste proxecto é mellorar o uso da lingua galega, tanto no plano oral como na escrita pero, máis polo miúdo, facelo entre a mocidade urbana e en ámbitos que acostuman considerarse innovadores (música actual, redes sociais, videoxogos, audiovisual). O punto débil da nosa proposta é que este obxectivo só é observable accedendo ás redes dos rapaces, o cal non é sempre factible. O punto forte é que a interacción entre rapaces e rapazas de toda Galicia (difusión dos videoclips, videopoemas, curtas, participación no STARgal) pode supoñer superar a barreira localista que forza a diferenza diglósica cidade-rural. En todo caso, participar nas actividades vai implicar, necesariamente, adquirir vocabulario e mellorar a competencia lingüística. E por suposto, facelo no eido das novas tecnoloxías, opción que non adoitan usar habitualmente e que agardamos que conduza a actitudes máis positivas de cara ao emprego do galego.

Da información obtida mediante observación directa e a través das enquisas, así como de posibles comentarios no sitio web do proxecto, presentarase oportuna conclusión na memoria do proxecto.

7. Medidas de difusión do proxecto: entre o alumnado e na contorna

7.1 Entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa

Todo o alumnado participa nas celebracións, de modo que o proxecto difúndese el só. Ademais,

- Instalamos unha roda xigante no vestíbulo do instituto na que iremos poñendo fotos de cada unha das campañas-festividades.
- Publicamos dos produtos na revista dixital do centro (*A Xanela*) e nas nosas redes sociais. Para alumnado é fundamental empregar o *Instagram*.

7.2 Na contorna e/ou noutros espazos

Nunha zona como o Barbanza, onde constantemente se cuestiona o labor do profesorado e se menospreza o valor do ensino público, para nós é fundamental dar a coñecer cada campaña e así intentar mellorar a estima que existe do noso centro.

Para isto,

- No principio de curso elaboramos un díptico con información para as familias, folleto que lles facemos chegar antes da reunión de titores/as e pais/nais de setembro.
- Enviamos constante información aos medios de prensa.
- Temos actualizada a nosa web, a revista dixital e as redes sociais (*Facebook, Twitter, Instagram*).
- Participamos en canto concurso estea ao alcance das nosas posibilidades e difundimos os resultados.
- Colaboramos nas campañas que nos propoñen desde o Concello e/ou asociacións locais.

8. Orzamento: xustificación e desagregación

Concepto	Importe
Material de audio para cámara e estudio de gravación	300,00 €
Bioconstrución en Galicia	200,00 €
Cámara réflex con entrada micro	850,00 €
Material para facilitar gravacións estabilizadas (soporte para ombros, rótula, mango, soporte micro-foco)	150,00 €
Viaxe didáctica para observar e documentar: <ul style="list-style-type: none"> • Visións emprendedoras na agricultura ecolóxica en galego • Castro de Viladonga e centro de interpretación 	500,00 €
Total orzamento	2.000,00 €

9. Funcións e tarefas do profesorado implicado

- Ana F. Moreiras: coordinadora do proxecto
 - Canalizar información entre os diferentes grupos de traballo implicados
 - Coordinar as campañas lingüísticas que dependen do Dep. de Extraescolares
 - Establecer comunicación coas asociacións locais
 - Difundir os produtos elaborados e o proxecto
 - Coordinar e publicar a mostra local e as olimpíadas virtuais STARgal
- Carne Robledo:
 - Coordinar as campañas lingüísticas que dependen do EDLG
 - Coordinar o Proxecto Fai eco do lóxico.
 - Coordinar o obradoiro RVB de teatro
- Silvia García:
 - Supervisar lingüísticamente o proxecto
 - Promocionar o concurso literario Máis ca Palabras
 - Coordinar a realización dos obradoiros de videopoesía e de regueifas
 - Coordinar a actividade O bosque galego necesita o noso tempo
 - Organizar a mostra de produtos audiovisuais do STARgal
 - Coordinación lingüística e de Arte no videoclip *Xa non atendo o meu amigo*
- Flor Domínguez:
 - Coordinar as campañas lingüísticas que dependen do Proxecto *TÍCaras*
 - Coorganizar a parte de videoxogos e instalacións do STARgal
 - Deseñar e montar unha roda xigante no vestíbulo do centro para facer visible o proxecto
 - Producción do videoclip *Xa non atendo o meu amigo*

- Javier Bao:
 - Coordinar os obradoiros de *Scratch* e a programación de videoxogos
 - Diseñar un *script* para que cada agasallo da campaña Este Nadal regala tempo chegue ao público destinatario adecuado en función dos resultados da enquisa sobre hábitos nas redes sociais
 - Coordinar un obradoiro sobre impresión 3D co fin de elaborar videotutoriais en galego ou *flipped classroom*

- Francisco Pérez e Isabel Macías:
 - Coordinar o programa de visitas a empresas locais xunto co Concello de Boiro
 - Asesorar sobre a cultura castrexa

- Gonzalo Álvarez: elaboración das estatísticas de uso de redes sociais e de emprego de galego nelas (Este Nadal regala tempo)

- Clara Pino:
 - Coordinación de contidos musicais e adaptación da letra no videoclip *Xa non atendo o meu amigo*.
 - Organización da campaña Bos amores, contra a violencia de xénero (coordinando un obradoiro de *beatboxing* e colaborando no de videopoesía)

- Aurora Marqués: promoción de pezas musicais celtas

- Xoán Fernández e Diego Cimadevila: actividades deportivas nas festividades do magosto, Entroido e Letras Galegas (birlos celtas)

- Pilar Hermo: coorganizadora das actividades extraescolares e, particularmente, da visita guiada ao bosque de Froxán

- Berta Gómez: subtitulación en galego das pezas audiovisuais creadas para o intercambio lingüístico

- José M. Hermida: xestión da instalación e mantemento do software preciso

- Mariano Muñiz: director e representante do centro, vela por que os produtos elaborados sexan coherentes co noso PEC e supervisa que todas as comunicacións oficiais se emitan en galego

- Sabela Rodríguez: supervisa que as producións derivadas dos proxectos Quérote+ e Apúntome a non beber, e do Espazo familia, así como as correspondentes comunicacións, sexan feitas en galego

10. Alumnado implicado

Todo o alumnado está implicado nas celebracións colectivas, e ademais:

- Magosto-*Samhain*

- Todos e todas poden asistir ás proxeccións dos Recreos arrepiantes.
- Alumnado voluntario crea as curtas de medo que se proxectan nos Recreos arrepiantes.
- O alumnado de 3º e 4º asiste á contada de Quico Cadaval e Marga Alborés.
- **Nadal-Yule** ("Este Nadal regala tempo")
 - Todos os alumnos e alumnas cobren a enquisa sobre hábitos de uso de móbil en galego e mediante os resultados asígnaselle a cadaquén un agasallo do Apalpador invisible (445 participantes entre alumnado e profesorado).
 - O alumnado de 2º ESO participa na actividade O bosque galego necesita o noso tempo.
- **Imbolc** ("Entroido gastronómico")
 - Todo o alumnado de 1º participa na actividade Almorzos saudables.
 - Alumnado do obradoiro Club do Antifás realiza reportaxes sobre os Almorzos saudables.
 - Todo o alumnado participa na degustación e actividades da mostra da Semana sa.
- **Ostara** ("Bos amores")
 - Alumnado participante no concurso literario Máis ca Palabras asiste ao obradoiro de videopoemas e deseña as súas creacións.
 - Alumnado participante no concurso literario Máis ca Palabras asiste ao obradoiro de regueifas e deseña as súas creacións.
 - Alumnado de 4º e participante no concurso literario Máis ca Palabras asiste ao obradoiro de *betaboxing* e batallas e deseña as súas creacións.
 - Todos e todas podemos participar na instalación que o alumnado de Valores Éticos montará no vestíbulo.
- **Beltaine** (STARgal e Letras Galegas)
 - Todo o alumnado participa no STARgal. Para isto organízase un horario que permite que todos os cursos baixen ás diferentes instalacións para participaren nas olimpíadas galegas e competiren con outros centros.
 - O Obradoiro RVB de teatro é aberto e os seus participantes representan as pezas para todo o alumnado.

- **Litha** (Moitas millas percorridas)
 - Todo o alumnado asiste ao festival de fin de curso e á mostra dos produtos elaborados.

Boiro, 31 de xaneiro de 2018

A coordinadora do proxecto

V.º e prace

Asdo.: Ana Fernández Moreiras

O director

Asdo.: Mariano Muñiz Blanco

